

VIII Encontro da Escola de Alimentación da Fundación EROSKI

A FUNDACIÓN EROSKI OCÚPASE DA ALIMENTACIÓN E DO BENESTAR DOS MAIORES

- Baixo o título *“Paixón pola vida. O segredo para unha madurez plena e saudable”*, expertos no eido da nutrición, psicoloxía, saúde, socioloxía e actividade física analizaron a importancia da alimentación e dos estilos de vida saudables na etapa da madurez
- As persoas maiores constitúen un segmento da poboación de especial interese para EROSKI e dedícalles unha atención preferente
- No marco do evento, a Fundación EROSKI presentou o libro *“Paixón pola vida. Guía práctica de estilos de vida saudables na madurez”*
- Uns 400 socios consumidores asistiron ao encontro

Vitoria, 20 de setembro do 2019.- A Fundación [EROSKI](#) celebrou ao longo desta mañá no Pazo Europa de Vitoria-Gasteiz a oitava edición dos encontros da súa Escola de Alimentación baixo o título *“Paixón pola vida. O segredo para unha madurez plena e saudable”*. O acto inaugural contou coa presenza e intervención do Director de Saúde Pública do Goberno Vasco, Juan José Aurrekoetxea e do presidente de EROSKI, Agustín Markaide.

O presidente de EROSKI agradeceulle a presenza aos profesionais da nutrición, psicoloxía e saúde que se deron cita na xornada. *“Este ano celebramos en EROSKI o noso 50 aniversario. Esta traxectoria aválanos no noso obxectivo actual e de futuro de mellorar a calidade de vida, a saúde e o benestar dos nosos socios consumidores e dos cidadáns, amais de fomentar un consumo máis sustentable”*, expresou Agustín Markaide.

Este oitavo encontro, que congregou uns 400 socios consumidores, continúa a afondar na importancia de adquirir hábitos de vida saudables e unha alimentación equilibrada. A xornada pretendeu transmitir a oportunidade que supón vivir a etapa da madurez con paixón, xa que a felicidade está intimamente ligada a levar unha vida saudable e activa.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

Nesta ocasión, o encontro contou coa presenza de Álex Rovira, escritor e economista que vendeu máis de oito millóns de libros, entre os que destacan “O compás interior”, “Os sete poderes” ou a “A boa sorte”, que abriu a xornada cun relatorio sobre o poder da alegría. Tamén impartiu outro relatorio Marta Arroyo, profesora da área de Nutrición e Bromatoloxía do Departamento de Farmacia e Ciencias dos Alimentos da Facultade de Farmacia da Universidade do País Vasco.

Ademais, Edurne Jiménez, responsable de programas de Saúde de Athlon S. Coop., expuxo a importancia do exercicio físico durante esta etapa da vida. Gabriela Uriarte, diestista-nutricionista e presentadora dun programa de televisión de cociña e nutrición, encargouse de conducir o acto.

Durante a xornada desenvolveuse unha mesa redonda baixo o título “As claves para unha madurez activa e saudable” coa participación de todos os relatores e do director da Fundación EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa. Finalmente, na clausura participaron o director da Fundación EROSKI e do deputado de Políticas Sociais da Deputación de Áraba, Emilio Sola.

A xestión das necesidades da poboación sénior forma parte dos renovados Compromisos de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI. Alejandro Martínez Berriochoa, director da Fundación EROSKI e experto en Socioloxía, Tendencias de Consumo e Comunicación, presentou durante a súa intervención as iniciativas en marcha na Fundación para axudar a levar unha vida máis saudable.

“Os nosos clientes máis maiores son os que nos acompañaron e medraron a canda EROSKI durante estes anos. Por iso durante os actos que estamos a organizar ao longo deste ano parécenos importante dedicarlles un apartado especial. Con este fin, desde EROSKI organizamos obradoiros temáticos nos que aprenden a coidarse, a respectar o medio ambiente e a mellorar a contorna, e tamén visitas a produtores locais, centros temáticos e obradoiros de actividade física”, sinalou Martínez Berriochoa.

Presentación do libro editado por Fundación EROSKI

No marco do evento, a Fundación EROSKI presentou e entregoulles aos asistentes o libro *“Paixón pola vida. Guía práctica de estilos de vida saudables na madurez”*, que se ocupa da importancia das emocións e dos sentimentos no estado de saúde das persoas maiores e mais da relevancia da alimentación e do exercicio físico nesta

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

etapa da vida. Os autores son profesores da UPV e expertos na materia, entre eles a doutora Marta Arroyo, relatora da xornada, que foi a encargada de presentalo.

Oito edicións creando espazos de reflexión

Co obxectivo de ofrecer un espazo de reflexión arredor de temáticas relevantes e actuais relacionadas coa saúde da poboación, Fundación EROSKI promoveu desde o 2009 encontros que contaron coa participación de numerosos profesionais do eido da saúde, nutrición e psicoloxía, entre outros.

No 2012 Fundación EROSKI puxo ademais en marcha o seu [Programa Educativo en Alimentación e Hábitos de Vida Saudables](#) (PEAHS), que ten como obxectivo primordial sensibilizar os escolares de primaria sobre a importancia de teren unha alimentación equilibrada e de seguiren un estilo de vida saudable. Un total de 442.677 escolares de toda España de 3.253 centros de Educación Primaria participaron na última edición. A cooperativa aspira a formar a máis de dous millóns de nenos e as súas familias para o 2025.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)